

RESOLUCIÓN pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso para a cobertura de un posto na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do Dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría (Praza núm. 2).

Por Resolución do 15 de maio de 2024 (DOG núm. 104, do 30 de maio de 2024) anunciouse a convocatoria para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius, dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría (praza núm. 2)

O artigo 12 das bases reguladoras desta convocatoria establece que o Tribunal de Selección nomearase por resolución da dirección da Axencia Galega de Innovación. En virtude do anterior, esta dirección

DISPÓN

Nomear como membros do Tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo a cobertura do proceso de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC no marco do Programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría, ás seguintes persoas:

Presidencia:

José Luís Mascareñas Cid, catedrático da Universidade de Santiago de Compostela e Director Científico do Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares da Universidade de Santiago de Compostela

Vogais:

Diego Peña Gil, Oportunius Research Professor na Universidade de Santiago de Compostela.

Dolores Pérez Meirás, catedrática no departamento de Química Orgánica da Facultade de Químicas na Universidade de Santiago de Compostela e Directora Adxunta do Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares da Universidade de Santiago de Compostela.

Manuel Souto Salom, Oportunius Research Professor na Universidade de Santiago de Compostela.

Mercedes Torneiro Abuín, directora do Departamento de Química Orgánica na Universidade de Santiago de Compostela.

Secretaría, con voz pero sen voto:

Benito R. Fernández Rodríguez, director da Área de Xestión da Axencia Galega de Innovación

Asinado en Santiago de Compostela na data que consta a marxe

A directora da Axencia Galega de Innovación

Carmen Coteló Queijo

